

EO ALIMENTA_

proposta de investigación participativa na bacía alimentar do Eo

A aposta por outros modelos alimentarios sustentables



Universidade de Vigo



EO ALIMENTA_

SITUACIÓN ACTUAL

Fronte a agro-industrialización nacido xa nos anos 60, perduran outros procesos de produción e distribución máis pertos, relacionados coa agro-ecolóxico na perspectiva da bio-economía e do desenvolvemento sustentábel como son:

- a soberanía alimentaria
- quilómetro 0
- comercio local
- comunidades alimentares
- ou tamén o denominado *slow food*

EO ALIMENTA_

SITUACIÓN ACTUAL (II)

Os Grupos de consumo, pequenos produtores, *mercados labregos*, cooperativas de distribución representan una alternativa ao modelo industrializado de aproducción e distribución alimentaria. Estes buscan **rescatar esas outras formas de produción e consumo máis apegadas á terra**. A sustentabilidade do propio sistema alimentar virá dado si somos quen de construír **procesos participativos nos que involucrar á toda a sociedade**. Cómpre restituír a cadea alimentaria nun nivel máis micro.

EO ALIMENTA_

QUE É A BACÍA ALIMENTAR?

Andrew Zumkehr y Elliot Campell analizaron en "*The potential for local croplands to meet US food demand*" como as terras de cultivo de USA poderían abastecer ao 90% da demanda alimentaria en USA. Afirmán que aínda a pesar do declive do potencial das bacías alimentarias en canto poden satisfacer o consumo alimentario, motivado pola presión demográfica e as tendencias agronómicas, consideran que **as actuais bacías alimentarias** (*foodshed* en inglés ou *cuencas alimentarias* en castelán) **poden satisfacer unha ampla maioría da alimentación alimentaria**, tal e como establecen os estándares norteamericanos de consumo calórico.

EO ALIMENTA_

QUE QUEREMOS?

Desenvolver unha investigación participativa na que pensar en común a bacía alimentar do Eo.

A través dunha metodoloxía de participación para pensar e trazar una estratexia descentralizada entre os actores de cara a gañar forzas a través das sinerxias que se podían dar. Estaríamos ante un caso de aplicación do concepto de ciencia traslacional onde a institución académica xogaríase basicamente o papel de organización fronteira e que ten como principal tarefa a de artellar procesos de interacción e xeración de procesos participativos.

EO ALIMENTA_

CALES SON OS OBXECTIVOS?

Os obxectivos desta proposta son:

Contribuir á transición hacía un sistema alimentario máis sostible no territorio facilitando así a diversificación dos sistemas alimentarios neste territorio e o autoabastecemento.

Como obxetivos específicos:

- Conseguir a **implicación da sociedade no desenvolvemento colectivo dun plan agroalimentario sustentable** a nivel micro.
- Abrir camiños na **xeración de sinerxias e redes** entre todos os actores implicados no proceso.

EO ALIMENTA_

CALES SON AS FASES DO PROXECTO? (I)

FASE PRELIMINAR

Esta fase pretende **estimar o potencial agroecolóxico** da zona, así como determinar os recursos que existen na bacía de cara a traballar hacia unha transición agroecolóxica, e posteriormente cara a implantación dun sistema eco-social. e debe servir como **punto de partida co que empezar a construír un plan de traballo para avanzar na planificación** das seguintes fases, así como conseguiremos un autodiagnóstico que nos permitirá construír conxuntamente accións de mellora de calidade de vida dos residentes na bacía do Eo.

EO ALIMENTA_

CALES SON AS FASES DO PROXECTO? (II)

FASE DIAGNÓSTICO E PLANIFICACIÓN PARTICIPATIVA

Esta etapa estará condicionada a consecución de fondos, Nela construírse o Plan de Acción, este plan ha de configurarse como un instrumento operativo para a fase de execución e seguimento

FASE ACCIÓN PARTICIPATIVA

Desenvolverase a través de grupos de traballo as accións concretas determinadas no Plan de Acción

FASE AVALIACIÓN E AXUSTE

Nesta etapa avaliaranse tanto os resultados conseguidos, como o proceso e o método de traballo así como a implicación da poboación

EO ALIMENTA_

QUEN ASUME OS COSTES?

A **rede Revolta de agroecoloxía** **asume os costes da primeira fase** co obxectivo de determinar se hai vontade de iniciar un proceso de investigación participativa na bacía alimentar do Eo. Ni caso de detectarse de que si existe esa vontade **procuraranse fondos a través da prestixiosa fundación franco española Daniel & Nina Carasso**, na liña de alimentación sostible, que sacará unha liña de axuda no mes de febreiro; para o desenvolvemento das seguintes fases.

EO ALIMENTA_

QUE PRECISAMOS DO CONCELLO DE RIBADEO?

A vontade de colaboración institucional

Colaboración na difusión e comunicación do proxecto

Cesión de espazos para o desenvolvemento do proxecto

Colaboración para achegarnos a máis concellos da comarca

Sumarse como axente colaborador na proposta que se presentará a Fundación Daniel e Nina

Carasso (ao redor de 50000€ se pedirán)

EO ALIMENTA_

EXISTEN EJEMPLOS SEMELLANTES?

ALIMENTA VALLADOLID, estrategia alimentaria de Valladolid <http://www.alimentavalladolid.info/>

VALENCIA CAPITAL SOSTIBLE <https://valenciacapitalsostenible.org/>

MILAN URBAN FOOD POLICY PACT <http://www.milanurbanfoodpolicypact.org/>

RED DE CIUDADES POR LA AGROECOLOGÍA <http://www.ciudadesagroecologicas.eu/>

EO ALIMENTA_

QUE Á REDE REVOLTA?

Rede de grupos de investigación arredor da agroecoloxía <http://revolta.usc.gal/>

ECOAGRASOC (USC) Dirixido por edelmiro Lçoepez Iglesias	HISTAGRA (USC) Dirixido por Lourenzo Fernández Prieto
GALABRA (USC) Dirixido por Elías Torrés	LABORATE (USC) Dirixido por David Miranda
AGRONOMÍA (USC) Dirixido por Santiago Pereira	GIEAAH (UVIGO) Dirixido por Xavier Simón
COSMERUM (USC) Dirixido por María Elena Fernández	GESPIC (USC) Dirixido por Xan Carmona

EO ALIMENTA_

GRACIÑAS POLA ATENCIÓN

Más info en [rede.revolta@usc.es](mailto:rederevolta@usc.es)